



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Lei galega para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial: principios, obrigas e oportunidades para a Administración pública

CONVOCATORIA: AUTONOMICO, 1ª convocatoria

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 19/02/2026 - 09:00h ao 25/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia, converte á nosa comunidade nun referente pioneiro en Europa na regulación ética e responsable desta tecnoloxía. Esta acción formativa pretende dar a coñecer os seus obxectivos, principios e instrumentos de gobernanza, así como achegar exemplos prácticos para a súa aplicación nos procedementos administrativos e nas políticas públicas.

Os obxectivos serán:

- Comprender o alcance, finalidade e ámbito de aplicación da Lei 2/2025.
- Identificar os principios reitores da IA pública: transparencia, explicabilidade, trazabilidade, seguridade, revisión humana, imparcialidade e accesibilidade.
- Coñecer a nova estrutura de gobernanza: Oficina de IA, Comisión Estratéxica, Consello Galego de IA.
- Analizar as obrigas da Administración no uso da IA: informes previos, trazabilidade, avaliación de riscos, dereitos da cidadanía.
- Explorar as medidas de impulso e apoio á innovación: factorías de IA, programas de formación, ecosistema público-privado.
- Desenvolver competencias prácticas para integrar a IA de xeito ético e conforme á normativa na actividade administrativa.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

- Introdución á IA e marco normativo europeo e estatal
- Regulamento europeo (AI Act) e encaixe coa normativa galega.
- Disposicións xerais da Lei 2/2025
- Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación.
- Principios reitores da IA pública
- Transparencia, trazabilidade, seguridade, revisión humana, ética e dereitos.
- Órganos de gobernanza e coordinación
- Oficina de IA, Comisión Estratéxica, Consello Galego de IA.
- Obrigas nos procedementos administrativos
- Informes previos, xestión de datos, avaliación de impacto, revisión humana.

Medidas de impulso e apoio á innovación

- Factorías de IA, fomento do talento, colaboración público-privada.

Casos prácticos e aplicación na Administración pública

- Exercicio de análise dun proxecto con IA.

EXAME FINAL

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Cráterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 18/05/2026 a 18/06/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME: 23/06/2026 ás 17:00h

DOCENTES NOMEADOS

JOSÉ ÁNGEL OREIRO ROMAR

LUGAR DE REALIZACIÓN

Proba final en liña.